

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 16.11.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día **16 de novembro de 2017**, ás **10:30 horas**, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 12919 (10/POC-002206)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 8 máis
Sobre as novidades nos centros educativos de Galicia relacionadas coa inclusión da robótica e coa programación no ensino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.2 13029 (10/POC-002248)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as iniciativas impulsadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univeristaria destinadas a situar o libro e a literatura no mercado exterior e a dar a coñecer no ámbito internacional o traballo levado a cabo polos principais axentes do noso sistema literario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.3 16112 (10/POC-002862)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre os datos referidos ás obras realizadas pola Xunta de Galicia no CPI Virxe do Monte, en Cospeito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017
- 1.4 19054 (10/POC-003137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co impacto da vaga de incendios forestais rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017 nos bens patrimoniais localizados nos montes, o desenvolvemento dun proceso de inventariado do patrimonio afectado polas lapas e/ou os traballos de extinción e as medidas previstas ao respecto, así como o destino dalgunha partida orzamentaria específica nos anos 2017 e 2018 para a súa recuperación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 18373 (10/PNC-001493)

Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a consignación polo Goberno galego para o ano 2018 dos orzamentos necesarios para arranxar as deficiencias existentes no Colexio Rosalía de Castro, de Carril, así como o incremento das partidas referidas á reforma, ampliación e mellora dos centros educativos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

2.2 18461 (10/PNC-001499)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre o asinamento polo Goberno galego de convenios de colaboración co Concello de Ponteceso e coa Fundación Eduardo Pondal para a conmemoración do centenario do falecemento dese intelectual, escritor e poeta, así como a difusión da súa figura e obra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

2.3 19445 (10/PNC-001575)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a renovación polo Goberno galego dos libros de texto de 3º e 5º curso de primaria pertencentes ao fondo solidario do CEIP Santa Baia, de Boiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017

2.4 19592 (10/PNC-001590)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a habilitación polo Goberno galego da partida orzamentaria necesaria para renovar os libros de texto do Colexio Santa Baia, de Boiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 09/11/2017 10:55:53

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 12919(10/POC-002206)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre as novidades nos centros educativos de Galicia relacionadas coa inclusión da robótica e coa programación no ensino

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12919
Data envío: 20/07/2017 15:03:27.299

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está a facer unha forte aposta pola introdución da programación e a robótica no ensino non universitario. Neste contexto, a consellería está a dotar de equipamentos de robótica educativa a todos os institutos de ensino secundario de Galicia.

Estes equipamentos, son ferramentas de apoio á docencia para impartir coñecementos e traballar desde unha perspectiva integrada e interdisciplinar, non só desde o ámbito tecnolóxico, senón que abrangue materias como as matemáticas, física, química, ou as materias de libre configuración autonómica propostas pola Xunta ao abeiro da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) .

Este é o caso das materias de Programación (para alumnos de ESO), e Robótica (para os de Bacharelato), que se impartiron por primeira vez no pasado curso 2015/16 e que neste curso experimentaron un notable interese por parte tanto dos centros coma dos alumnos. De feito, este curso elévanse a 132 os centros que ofertan Programación (o ano pasado foron 50) cuns 4.200 alumnos matriculados; e 92 os que ofertan Robótica (26 o pasado curso), cuns 570 matriculados actualmente.

A dotación destes equipamentos, unida a un plan de formación específico en robótica dirixido ao profesorado vinculado ás ensinanzas tecnolóxicas, ten como fin último que o alumnado dispoña das competencias e habilidades suficientes para desenvolverse no mundo tecnolóxico e dixital actual como cidadáns responsables e activos.

A robótica educativa é, polo tanto, un sistema de ensino interdisciplinario que potencia o desenrolo de habilidades e competencias nos alumnos, nomeadamente todas aquelas que se traballan nas áreas científico-técnicas e matemáticas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué novidades existen nos centros educativos de Galicia en relación coa inclusión da robótica e a programación no ensino?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12919
Data envío: 20/07/2017 15:03:27.299**

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 20/07/2017 14:26:05

Moisés Blanco Paradelo na data 20/07/2017 14:26:10

Maria Antón Vilasánchez na data 20/07/2017 14:26:16

Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2017 14:26:24

Martín Fernández Prado na data 20/07/2017 14:26:36

Carlos Enrique López Crespo na data 20/07/2017 14:26:47

Antonio Mouriño Villar na data 20/07/2017 14:26:55

Moisés Rodríguez Pérez na data 20/07/2017 14:27:05

Carlos Gómez Salgado na data 20/07/2017 14:27:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 13029(10/POC-002248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as iniciativas impulsadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univeristaria destinadas a situar o libro e a literatura no mercado exterior e a dar a coñecer no ámbito internacional o traballo levado a cabo polos principais axentes do noso sistema literario

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 11:11
Nº Rexistro: 13029
Data envío: 24/07/2017 11:11:21.077**

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Favorecer a proxección exterior das industrias creativas galegas, establecer pontes de diálogo e de colaboración con outros países e fomentar o interese pola cultura e a lingua galegas no mundo son obxectivos fundamentais para avanzar na internacionalización das industrias culturais de Galicia.

Actualmente, é unha idea compartida que a proxección da cultura ten unha destacada incidencia no conxunto do crecemento económico e social, en canto que posiciona a Galicia como marca de sociedade e na medida en que promove unha vertente vinculada á creatividade e ao coñecemento, imprescindible para o avance do conxunto do tecido produtivo contemporáneo.

Por este motivo, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que iniciativas está a impulsar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para situar o libro e a literatura no mercado exterior e para dar a coñecer no ámbito internacional o traballo levado a cabo polos principais axentes do sistema literario noso?

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 24/07/2017 10:55:38

César Manuel Fernández Gil na data 24/07/2017 10:55:52

María Antón Vilasánchez na data 24/07/2017 10:55:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 11:11
Nº Rexistro: 13029**
Data envío: 24/07/2017 11:11:21.077

Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 10:56:02

Carlos Enrique López Crespo na data 24/07/2017 10:56:13

Antonio Mouriño Villar na data 24/07/2017 10:56:21

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/07/2017 10:56:29

Martín Fernández Prado na data 24/07/2017 10:56:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 16112(10/POC-002862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ás obras realizadas pola Xunta de Galicia no CPI Virxe do Monte, en Cospeito

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No diario *El Progreso* do día 9 de setembro de 2017 aparece unha nova relativa aos investimentos realizados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo na que se destacan os seguintes titulares:

1.- La Xunta realizó obras en 65 colegios lucenses por valor de dos millones de euros.

2.- Las rehabilitaciones integrales de los CEIP Lagostelle de Guitiriz y Virxe do Monte de Cospoite se levaron casi la mitad del presupuesto.

No caso do CPI Virxe do Monte (Cospoite) o investimento realizado foi de 422.567 €. Non obstante, algunhas fontes sinalan que as obras proxectadas neste centro non están rematadas.

Coa finalidade de coñecer a situación real das obras ás que se fai referencia, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal era a situación das obras no CPI Virxe do Monte de Cospoite o día 9 de setembro de 2017?

2ª) Se as obras non estaban rematadas, cal era o seu grao de execución?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16112
Data envío: 12/09/2017 16:02:52.427



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/09/2017 14:09:25

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/09/2017 14:09:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 19054(10/POC-003137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co impacto da vaga de incendios forestais rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017 nos bens patrimoniais localizados nos montes, o desenvolvemento dun proceso de inventariado do patrimonio afectado polas lapas e/ou os traballos de extinción e as medidas previstas ao respecto, así como o destino dalgunha partida orzamentaria específica nos anos 2017 e 2018 para a súa recuperación

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:35
Nº Rexistro: 19054
Data envío: 19/10/2017 12:35:15.867

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as consecuencias dos incendios no patrimonio cultural.

Os incendios non son só unha ameaza para a natureza senón tamén para o patrimonio cultural, moito del localizado no monte ou nas proximidades deste como acontece con mámoas e petróglifos, entre outros.

No mes de outubro Galiza estivo fortemente atinxida por máis unha vaga de incendios que se ben tivo o seu peor momento na madrugada do domingo día 15, xa se tiña iniciado con anterioridade.

Extinguidos os incendios xa coñecemos que nalgúns casos os lumes atinxiron o noso patrimonio cultural, alén da propia paisaxe, por exemplo un castro situado no Val de Lemos, segundo informou a xerente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Alexandra Seara.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é a valoración que fai o Goberno galego da catástrofe provocada polos incendios desde o punto de vista patrimonial?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:35
Nº Rexistro: 19054
Data envío: 19/10/2017 12:35:15.867

- Desenvolveu ou pensa desenvolver a Consellaría un proceso de inventariado arredor dos bens patrimoniais que se viron afectados polas lapas e/ou polos traballos de extinción durante os incendios?

- De ser así, en que momento se atopa esta actuación?

- Que medidas, alén da identificación e descrición dos prexuízos que se puidesen ter ocasionado, pensa adoptar a Xunta?

- Ten previsto destinar unha partida específica, nos orzamentos actuais da Xunta e nas contas para 2018, dirixidas á recuperación destes bens?

- Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para evitar que futuros lumes poidan afectar ou danar bens patrimoniais?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:35
Nº Rexistro: 19054
Data envío: 19/10/2017 12:35:15.867

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 12:32:08

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 12:32:12

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 12:32:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 12:32:15

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 12:32:16

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 12:32:18

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 18373(10/PNC-001493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a consignación polo Goberno galego para o ano 2018 dos orzamentos necesarios para arranxar as deficiencias existentes no Colexio Rosalía de Castro, de Carril, así como o incremento das partidas referidas á reforma, ampliación e mellora dos centros educativos

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa ao mantemento do Colexio Rosalía de Castro en Carril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das partidas que máis padeceu os tesoirazos do Partido Popular no eido do ensino foi a de reparación e mantemento das escolas. Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nos orzamentos de 2017, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar en numerosos centros do país.

Neste senso cabe entender os graves problemas detectados no centro Rosalía de Castro, de Carril. Nesta escola o teito de seis aulas atópase cuberto por placas suxeitas perigosamente con cinta adhesiva. Hai, ademais, problemas graves coa climatización das aulas debido a unhas ventás moi antigas e moi pouco eficientes que fan que a temperatura nas aulas sexa moi baixa. A isto habería que sumar uns baños en moi mal estado, mal alicatados, cubículos sen portas e tabiques con bases carcomidas. Alén das cañarías, do mesmo ano que a construción da escola, 1971, feitas de fibrocemento con parte de amianto. Un elemento altamente contaminante e con perigosas consecuencias para a saúde.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18373
Data envío: 06/10/2017 14:00:24.829



O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Incluir nos orzamentos do próximo exercicio a partida necesaria para cubrir todas as deficiencias necesarias.
- Aumentar as partidas referentes á RAM para paliar a lonxevidade dos centros educativos.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/10/2017 13:52:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/10/2017 13:52:39

Luis Villares Naveira na data 06/10/2017 13:59:28

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 18461(10/PNC-001499)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o asinamento polo Goberno galego de convenios de colaboración co Concello de Ponteceso e coa Fundación Eduardo Pondal para a conmemoración do centenario do falecemento dese intelectual, escritor e poeta, así como a difusión da súa figura e obra

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Neste ano cumpríronse 100 anos do falecemento de *Eduardo Pondal* (1835-1917), un dos referentes da poesía e da literatura do século XIX e principios do século XX. A lo longo do ano, fóronse facendo por parte da Fundación Eduardo Pondal diversas iniciativas. Entre outras, a área de Cultura da Deputación da Coruña publicou unha antoloxía de *Eduardo Pondal* elaborada por *Manuel Ferreiro*, o principal especialista na obra do escritor. Ademais colaborará coa Fundación Pondal nos actos de conmemoración. A ONCE homenaxeará tamén ao escritor cun cupón do centenario da súa morte.

Pondal publicou o seu primeiro poema en galego en 1862. En 1877 publicou “Rumores de los pinos”, colección que serviría posteriormente de base aos seus “Queixumes dos pinos” (1886). Ademais destas obras, Pondal deixounos unha gran produción inédita, entre as que conta o poemario “Os Eoas”, un canto épico ao descubrimento de América claramente inspirado en “Os Lusíadas” de Luís de Camões, e que traballou ao longo de toda a súa vida literaria, levando adiante unha perfecta simbiose entre o mundo mítico celta e a vontade rexeneracionista de España.

En 1890 o músico *Pascual Veiga* pediulle unha letra para unha obra que pretendía presentar a un certame na Coruña. *Pondal* compuxo para a ocasión o poema “Os pinos”, as dúas primeiras estrofas formarían parte da letra da melodía e aparecerá publicado ese mesmo ano nun folleto do certame; así como en varios periódicos galegos da emigración cubana. En 1907 composición de *Pascual Veiga* era estreada na Habana e considerada dende entón Himno de Galicia. En 1981 era legalizada como himno oficial polo Estatuto de Galicia.

Pondal é o máximo expoñente da literatura do rexionalismo galego. Idealiza o pasado céltico de Galicia, que el imaxina libre e independente e como apenas quedan vestixios desta época, inspírase nas fontes clásicas da invasión romana, nos poemas ossiánicos de *James McPherson*, nalgunhas citas do *Leabhar Gabala*



Grupo Parlamentario

e nas investigacións de *Manuel Murguía* e *Benito Vicetto*. O simbolismo do celtismo dentro da poesía de *Pondal* é craro: “así como os celtas combateron heroicamente a invasión romana, os galegos deben tomar o seu exemplo e combater igualmente a opresión castellana”. Ao mesmo tempo a súa poesía incorpora unha tendencia helenista, que entronca so seu afán de crear unha lírica culta.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O significado político da obra de *Pondal* ten sido obxecto de moitas teorías e discusións. Aínda que manifestou unha profunda preocupación pola recuperación do orgullo do pobo galego, cun ideario político persoal próximo a un socialismo emerxente, como demostra a súa participación no *Banquete de Conxo* e o seu compromiso estético coa idea da liberdade do home, na que a cuestión territorial pareceu máis próximo a un iberismo federal que a un nacionalismo galego aínda por xurdir.

A pesar de todo isto, que o poeta non foi unicamente o bardo de Bergantiños, senón un poeta nacional, por parte do Goberno galego actuouse de maneira deficiente. Así, non se levou a cabo unha exposición sobre o autor, nin se promoveu congreso algún, tampouco se editaron textos coa súa obra e a súa biografía, páxina *web* para o seu relance ao mundo ou, incluso unha miniserie na televisión pública galega. Non hai que esquecer que estamos a falar do autor do himno galego, no centenario do seu falecemento.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que con motivo do cumprimento do centenario do falecemento do escritor Eduardo Pondal, se implique institucionalmente e orzamentariamente na difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta pontecesán, a través de convenios de colaboración co Concello de Ponteceso, no que se radica a súa casa natal, así como coa Fundación Eduardo Pondal, ambos activos emprendedores de actividades de conmemoración e homenaxe ao centenario do escritor.

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18461
Data envío: 09/10/2017 12:37:33.824



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 12:34:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María de la Concepción Burgo López na data 09/10/2017 12:34:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/10/2017 12:34:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/10/2017 12:34:59

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 19445(10/PNC-001575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a renovación polo Goberno galego dos libros de texto de 3º e 5º curso de primaria pertencentes ao fondo solidario do CEIP Santa Baia, de Boiro

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19445
Data envío: 26/10/2017 16:22:56.351

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o estado dos libros de texto pertencentes ao Fondo Solidario no CEIP Santa Baia de Boiro.

A ANPA e a dirección do CEIP Santa Baia de Boiro reclamou á Consellaría de Educación que se substituísen os libros de terceiro e quinto de Primaria polo mal estado no que se atopan e o carácter obsoleto dos seus contidos despois de que se aprobouse e implementouse a LOMCE.

Malia os informes favorábeis que, segundo as nais e pais remitiu inspección, a Consellaría rexeitou renovar os manuais o que motivou a convocatoria de mobilizacións por parte da ANPA.

A situación na que se atopan os libros, pertencentes ao Fondo Solidario, afecta a 120 estudantes de ambos os dous cursos (terceiro e quinto)

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19445
Data envío: 26/10/2017 16:22:56.351

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a renovar os libros de terceiro e quinto curso de Primaria pertencentes ao Fondo solidario do CEIP Santa Baia de Boiro.”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2017 16:20:30

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2017 16:20:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/10/2017 16:20:38



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19445
Data envío: 26/10/2017 16:22:56.351

Noa Presas Bergantiños na data 26/10/2017 16:20:39

Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2017 16:20:41

Ana Pontón Mondelo na data 26/10/2017 16:20:48

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 16.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 19592(10/PNC-001590)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a habilitación polo Goberno galego da partida orzamentaria necesaria para renovar os libros de texto do Colexio Santa Baia, de Boiro

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 4.ª**, relativa á necesaria restitución dos libros de texto no Colexio Santa Baia de Boiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo co mandato constitucional, no seu artigo 27.4, “o ensino básico é obrigatorio e gratuíto”. Ensino básico que o artigo 3.3 da LOE (que a LOMCE deixou vixente) define como: “A educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen a educación básica”, reiterando o principio constitucional no artigo 4.1 da mesma Lei: “O ensino básico ao que se refire o artigo 3.3 desta Lei é obrigatorio e gratuíto”.

A realidade, lamentablemente, está bastante lonxe do devandito principio constitucional. Na práctica a gratuidade só atinxe ó acceso aos colexios e institutos públicos onde non hai que pagar matrícula, pero o resto págase céntimo a céntimo: os libros, o material, as saídas. Un custo que provoca diferenzas inaceptables entre o alumnado e que debilita o dereito universal á educación que vemos con preocupación en cada inicio de curso.

A propia defensora do Pobo, nun detallado informe sobre a materia, ten admitido que o carácter gratuíto debería facerse extensivo ós libros de texto e ao material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis de ensino obrigatorio. Só cando todos os servizos educativos, e polo tanto tamén todo o material educativo necesario para os mesmos, sexan sufragados integramente con fondos públicos, poderemos falar dun ensino verdadeiramente público e gratuíto.



Porén, dende o 2009 o PP suspendeu o sistema de préstamo universal de libros de texto substituíndoo por un modelo de axudas parciais acumado como "gratuidade solidaria". Un sistema que, ademais, e malia ser implantado en aras da austeridade, acabou sendo máis caro que o sistema de préstamo, obrigando ás ANPAS, concellos e centros educativos a suplir a labor do goberno mediante bancos de libros propios e xerando numerosos problemas na súa implantación.

Neste contexto cabe entender a problemática no Colexio Santa Baia de Boiro, onde 120 nenas e nenos se atopan estudando con libros do ano 2009, en moi mal estado e non adaptados curricularmente. Unha situación á que se chegou por non ter solicitado a renovación dos mesmos no curso 2014 aconsellados pola propia Consellería ante os inminentes cambios no currículo escolar e que se traduce na ausencia do material necesario para o correcto funcionamento do curso. Ante esta situación o profesorado e a ANPA do centro trataron de solventar a problemática mediante libros compartidos que quedan nas aulas, fotocopias, etc. Que implican, en definitiva, a imposibilidade de que cada nena e neno teñan todos os libros necesarios nas aulas e para as tarefas que realizan na casa.

Situación que de acordo cos cálculos efectuados se resolvería cun investimento de 10.000€ que a día de hoxe a Consellería se nega a asumir.

Ante esta situación, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dispoñer a partida orzamentaria necesaria para renovar os libros de texto do Colexio Santa Baia de Boiro.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Ánxeles Cuña Bóveda

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 13:12
Nº Rexistro: 19592
Data envío: 02/11/2017 13:12:17.185



Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 02/11/2017 13:08:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/11/2017 13:09:07

Luis Villares Naveira na data 02/11/2017 13:09:19